



## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMANDO AO CONSELLO ESCOLAR

### CIRCULAR INFORMATIVA

De acordo coa Convocatoria do día 10 de setembro de 2024, o próximo **día 18 de novembro**, luns, en horario de **15:45 a 18:45 horas**, celébrase neste centro a votación para a elección de representantes dos pais, nais ou titores legais do alumnado no Consello Escolar do Colexio **na entrada do edificio principal**. Para participar na referida votación, tal como se sinalaba na citada Convocatoria, procederáse da seguinte forma:

#### 1º.- **Quen pode votar.**

Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores legais do alumnado matriculado no Centro que figure no Censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral e tras a súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito corresponde indistintamente ao pai e á nai, podendo votar ambos os dous.

#### 2º.- **Modo de emitir o voto.**

- a) O voto será directo, secreto e non delegable.
- b) Os modelos de papeletas e sobres da votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do Centro, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación.
- c) Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos candidatos, por orde alfabético de apelidos, e cada elector deberá marcar cunha cruz un máximo **2 nomes** das candidata ou candidatos relacionados, debendo acreditar a súa personalidade, no momento de votar, mediante a exhibición do DNI ou documento similar.
- d) Finalizada a votación procederáse ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

A dirección deste Colexio anima a todos os pais, nais e titores legais do alumnado a que participen na votación do próximo luns, como unha forma máis de colaboración na organización do Centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible de pais e nais no Consello Escolar.

A Coruña, 13 de novembro de 2024

A DIRECTORA DO CENTRO,

Ana Perandones Lozano